

Voces disidentes

O imperio Americano

Cando foi electo Barack Obama no mes de santos de 2008, houbo un sector da poboación que confiaba nel, por varios motivos. Un motivo era que George W.Bush e os Republicanos fixéranlo todo tan mal que calquera cambio tiña que ser posíbel, positivo e mellor. A desesperación estaba no ar. Outro motivo era que, sendo de raza negra, a xente cría, quería e arelaba crer, que a nova figura política lembrase o sufrimento, a escravitude, dos da súa cor e que a memoria histórica fixese que fose un líder máis sensíbel. Significaba que confiaban na súa capacidade de manter unha perspectiva progresista.

KATHLEEN MARCH

Profesora de Literatura latinoamericana e española na Universidade de Maine. Departamento de Linguas Clásicas e Modernas. Fundadora da Asociación de Estudos Galegos de Estados Unidos de América



No centro do imperio, a resistencia estética substitúe con imaxinación as dificultades de organizar unha alternativa capaz de mudar a esencia do seu Estado

Ese sector non se decataba da súa propia inxenuidade o do que era esencialmente un xeito de racismo do revés. Igual que non toda muller é feminista e claramente moitas delas teñen sido traidoras ás do seu sexo, unha persoa preta non ten por que ser progresista e solidario cos seus (temos a Colin Powell e Condoleezza Rice, entre outros). Non esquezamos tampouco que Obama por parte do pai non era de raza negra norteamericana senón directamente de orixe africana. Os mesmos norteamericanos de cor afirman que non é o mesmo unha negritude que a outra, igual que moitos indíxenas de Estados Unidos non ven o seu vencello cos de América Latina, cousa que afirmaron cando gañou Rigoberta Menchú o Premio Nobel en 1992.

Non imos repetir os temas dos debates de hai dous anos, nin repasar a lista das promesas. Moitas cousas non se poden levar a cabo, aínda querendo, e a dura resistencia á modificación do sistema de seguro médico que propuña Obama sorprendeu a moitos. Mais de tódolos xeitos deberían ter visto máis persoas a importancia ideolóxica dalgúns comentarios do candidato nun debate en que empregou a mesma linguaxe de Bush cando falaba de Bin Laden: "We'll hunt him down and kill him" [Cazarémolo e matarémolo]. Non era o estilo dun profesor de dereito da Universidade de Chicago, aínda que xa daquela se sabía que ese profesor novo non expresaba unha perspectiva política facilmente definíbel. Quizais o éxito do

candidato no 2008 tivo que ver co feito de ter o pobo norteamericano dúas características moi marcadas: é enormemente ignorante de como funciona a política, dentro e fóra do seu propio país; e é enormemente ególatra, individualista -resultado en parte de varias xeracións dun capitalismo moi desenvolvido. A escritora Natacha Michel ten afirmado, despois dunha viaxe que fixo a Estados Unidos, que o país, a xente mellor dito, non ten capacidade de amar. Por tanto, non ten vontade de compartillar ou sospeita que outro poida ter máis e non quer perdelo, xa que todos son competidores. O irónico é como o mito da democracia (baseada na relixión puritana) lles ten convencidos de seren eles, os americanos, uns bos e xenerosos, dentro da familia e tamén cando entran en poleiro alleo como seica fan en todo momento. Nas poucas ocasións en que non se fai nada ou se mantén o silencio, o público adoita crer que hai unha razón moi boa ou que quizais non haxa motivo de preocupación ou intervención.

A "esquerda" de Estados Unidos, por débil que sexa, consiste nunha xeira de individuos. Algúns son os que se consideran liberais e non ven a palabra 'liberal' con raiba como os de dereitas poden ser persoas que teñen un emprego seguro, casa e máis, sen seren ricas. Son persoas que pensaban que o novo presidente ía ser moi diferente e se callar niso querían crer que os anos 60 non estivesen de todo mortos. Querían crer que a expresión "Si podemos" da campaña presidencial fora de carácter popular e sincero, que o "nós" do verbo abranguíanos a eles tamén. Moitos deste grupo terían apoiado a Hillary Clinton tamén, de ter sido ela a candidata demócrata. As mesmas persoas argumentaban a miúdo que sería un erro votar por un terceiro candidato, porque sexa como for, cumpría sacar adiante a quenquera que non fose McCain-Palin.

Hoxe en día, os máis progresistas non atopan case nada que indique que Obama e a súa expresión de "Si pode-

mos" teña traído os cambios tan arelados, que incluían medidas importantes como menos orzamento para as guerras e máis para o medio ambiente e a saúde. Podemos ver, iso si, a imaxe moi mellorada dunha persoa capaz de falar ben (e non confundir ou pronunciar mal as palabras como o texano), cunha familia san e unida, unha primeira dama supostamente moi intelixente, preocupada pola sociedade e a nutrición. Mais a opinión pública positiva encol da súa política vai baixando. Pouco despois da inauguración, segundo a *Gallup Poll*, a aprobación era de case un 70%, cunha desaprobación do 20%. En xuño de 2010, esas cifras xa se ven igualladas: 46/45% ou 45/45% aprobación vs. desaprobación. A media de aprobación do presidente en 2009 foi 57%; en 2010 no que vai de ano é 48%. Os progresistas polo xeral din que non ven nada positivo, especialmente no terreo da política internacional. E din todos que o trasfondo da política armada que está a manter o presidente ten que ver coas reservas de recursos naturais, e en boa parte, co petróleo. A cifra de aprobación do derrame do Golfo e a empresa BP xira arredor do 44%, malia varias visitas presidenciais ás zonas afectadas. É máis: o esforzo do presidente en maio por aplicar unha moratoria de seis meses contra a excavación petroleira en augas profundas foi vedado polo Xuíz Martin Feldman en Nova Orleans, quen alegaba que a industria era esencial para as comunidades do Golfo de México. Claramente, a crise económica herdada por Obama do seu antecesor está afectando máis aínda aos sectores conservadores. Non importan os países de Oriente nin o medio ambiente 'de casa' se os petos están baleiros e continúa o desemprego, os despedimentos, as baixas de Wall Street. Non se fai a conexión entre Irak e Afganistán e os orzamentos militares que medran e os problemas da persoa media, das escolas e universidades, de moitas institucións que non teñen fondos. Ninguén se lembra da prome-



sa de rematar coa presenza das tropas no estranxeiro, de como mudou de opinión o presidente sobre moitos temas. Ou como non tivo unha postura política moi clara, como observan estes autores:

Na nosa experiencia temos encontrado un tercer 'sector', especialmente entre non activistas. Moita xente que non ten unha inclinación ideolóxica (mais que pode ter ideas moi firmes sobre distintos temas) completa o amplo "centro", para dicilo en argot xornalístico. Se lles chama tamén "votantes abaneantes" ou "viciños sen ideoloxía". Eles poden identificárense cun partido ou o outro, ou considerárense independentes, mais non poderían establecer con precisión a postura dos partidos maioritarios sobre cada un dos temas políticos. Este "centro" fluído é o voto determinante en moitas eleccións e campañas. Obama presentouse ás eleccións como un candidato de principios, culto, modesto e consciente que non está

Os EEUU teñen inserido no seu modelo de dominio mundial ao militarismo. Por moito que mude a súa face ou maquille a súa imaxe, a forza bruta é substancial á súa hexemonía



Danny Glover, aproveita a súa fama como actor de éxito en Hollywood, para pórse ao servizo das causas populares e denunciar as actuacións imperialistas do seu goberno

impulsado ideoloxicamente. Precisamente porque foi quen de proxectar unha imaxe non-ideolóxica é que gañou as eleccións. Este é un aspecto importante que as xentes progresistas deben comprender. Obama atraiu un raro conxunto de votantes na súa campaña, aínda que non todos estaban de acordo con el en todas as cuestións. En parte, iso é polo que tantos votantes tampouco estaban de acordo en todo con eles mesmos.¹

Entre os da esquerda non existe a mesma percepción do líder que pode depender da ausencia de ideoloxía. Xa se comentou que cando era profesor tiña máis interese na súa carreira política, que non se definía.² "Nunha institución formal, era unha presenza solta, contaba piadas cos estudantes falando das esperanzas románticas deles, empregando o nome en lugar do apelido, falando de casos legais nun momento e pasando despois a falar de "O Padriño". Tamén era enigmático, deixando a miúdo que os demais profesores simplemente adivinasen as súas ideas políticas."

1 Jean Hardisty e Deepak Bhargava, "Holding the Center". *The Nation*. July 19, 2010. << <http://www.thenation.com/article/36872/holding-center>>>

2 Jodi Kantor, "Teaching Law, Testing Ideas, Obama Stood Slightly Apart". *New York Times*. July 30, 2008. A autora tamén afirma que o académico non publicou ningún artigo de investigación. <http://www.nytimes.com/2008/07/30/us/politics/30law.html?pagewanted=1&r=1>

Existe un grupo de escritores, editores, xornalistas e académicos que prefiren falar do "Imperio Americano" e que ofrecen moitas probas desta actitude do goberno. O "American Empire Project" [O Proxecto do Imperio Americano] é un sitio de internet³ que sostén que o país pretende, insiste en manter un imperio, e os autores espallan os seus argumentos por medio da publicación de libros e por outros medios como un blog. Tom Engelhardt, o que dirixe o sitio, é autor de varios libros que critican a política imperialista de Estados Unidos, entre eles *The American Way of War: How Bush's Wars Became Obama's*.⁴ É un dos editores de Metropolitan Press xunto con Steve Fraser. Os títulos do prelo inclúen *A People's History of American Empire* (Howard Zinn et al); *Dilemmas of Domination* (Walden Bello); *The Unmaking of the American Empire; Empire's Workshop: Latin America, the United States, and the Rise of the New Imperialism* (Greg Grandin); *Hegemony or Survival: America's Quest for Global Dominance* (Noam Chomsky) e algúns máis.

Un dos autores de Metropolitan Press é Chalmers Johnson, que publicou a triloxía *Blowback: The Costs and Consequences of American Empire* (2000); *The Sorrows of Empire: Militarism, Secrecy, and the End of the Republic* (2004) e *Nemesis: The Last Days of the Republic* (2007). Veterano da Guerra Coreana, Johnson é coñecido como crítico do imperialismo americano. O termo *blowback* ven da CIA e se refire ás reaccións de outros países en contra das intervencións secretas da nación

3 << <http://www.americanempireproject.com/americanempireproject.htm>>>

4 Engelhardt é creador do blog tomdispatch.com. Outros libros del son: *The End of Victory Culture: Cold War America and the Disillusioning of a Generation* (1a ed. 1998); *The Last Days of Publishing* (novela). Do seu blog se explica que: "Tomdispatch.com é para calquera persoa que tiver interese en comprender mellor o noso mundo post-11-IX e en ter unha idea clara de como realmente funciona o noso planeta imperial."

norteamericana. O libro, publicado antes do 11 de setembro de 2001, non mereceu moita atención do público lector. Despois dese evento, empezaron as traducións e o éxito. Johnson non cala a súa valoración dura e negativa do goberno estadounidense, e de leis como a Patriot Act. Rise da inxenuidade dun Bush (fillo) cando se pregunta o ex-presidente por que os outros países lle teñen tanta xenreira a EUA. E fai relato de moitas actuacións político-militares ao longo dos anos que 'podan' ter motivado dita xenreira contra o país dos bos e xenerosos.

Tom Engelhardt foi entrevistado por Any Goodman⁵, unha xornalista importante de *Democracy Now!*, un sitio que afirma transmitir información do seguinte tipo:

O informe sobre a guerra e a paz de *Democracy Now!* permite que o noso público entre en contacto con xente e maneiras de pensar raramente presentes no mass media patrocinado polas empresas de Estados Unidos, voces constituídas por xornalistas internacionais e independentes, xente común de todo o mundo que sufriu directamente a política exterior estadounidense, líderes de movementos de base e pacifistas, artistas, académicos e comentaristas independentes. Ademais, *Democracy Now!* mantén debates reais -debates entre xentes que desacordan substancialmente, como entre os portavoces da



Casa Branca e do Pentágono por unha banda e activistas dos movementos de base por outra.⁶

Na entrevista con Goodman, falando sobre as guerras actuais, Engelhardt se trabuca e di "Bush" cando está a falar do presidente Obama. Aínda que distingue entre os dous homes en certos sentidos, afirma que a súa política é a mesma. Outra das afirmacións importantes que fai nesta ocasión é que o público americano está moi "desconectado" da realidade, é dicir, das actuacións, das súas tropas no mundo.⁷

Un dos temas de meirande interese para *Democracy Now!* son os medios de comunicación franquiciados e se o acceso á información dos xornalistas é obtida de xeito honesto e libre. Nunha entrevista, o inglés John Pilger fala da 'guerra que non se ve', que é tema dun documental que el está a facer sobre

6 <<<http://www.democracynow.org/about>>>

7 "America Is Detached From the War". Publicado orixinalmente en *TomDispatch.com* (blog) e despois en *The Nation*, June 24, 2010.

<<<http://www.thenation.com/article/36602/america-detached-war>>>

En *TomDispatch.com* tamén publicara, o 15 de xuño, "Washington Drunk on War", artigo no que afirmaba: "En 1991, a Unión Soviética desapareceu de súpeto. Rematará a Guerra Fría [...] Case toda decisión de Washington dende entón, inclusive a de Barack Obama de ampliar a Guerra de Afganistán e a guerra contra o terrorismo, ten feito que, o que en 1991 semellaba ser só unha das alternativas, parece nada máis que o destino."

5 É autora de varios libros, como *The Exception to the Rule: Exposing Oily Politicians, War Profiteers, and the Media That Love Them* (con David Goodman, 2004); *Statis: Government Liars, Media Cheerleaders, and the People Who Fight Back* (con David Goodman, 2006); e *Standing up to the Madness: Ordinary Heroes in Extraordinary Times* (con D. Goodman, 2008). Recebiu o Premio Right Livelihood e o Premio Izzy para os medios de comunicación independentes. Foi arrestada no Republican National Convention de 2008 e detida no fronteira canadiana cando tentou asistir aos Xogos Olímpicos, non como seguidora de deportes senón como xornalista.

Porque Obama foi quen de proxectar unha imaxe non-ideolóxica é que gañou as eleccións. Este é un aspecto importante que as xentes progresistas deben comprender



Graffitis nos balos, balos como o de Palestina que lembran a segregación que aínda existe neste mundo dividido. Graffitis que reflicten os sonos dun pobo



o control do xornalismo nos Estados Unidos. Pon o exemplo recente do artigo⁸ de Michael Hastings que provocara o despedido do Xeneral McChrystal en Afganistán por Obama. O programa diario de Goodman e Juan González representa a colaboración dos medios de comunicación máis grande de EE.UU. Tamén é importante citar a agrupación *Common Dreams*⁹, que é unha organización sen fins de lucro, progresista, fundada en 1997. Como comunidade virtual, publica as noticias desde o que chama a perspectiva progresista, xunto coas opinións e ideas de activistas. Os de *Common Dreams* afirman que “Temos o poder -é unha obriga moral- de mostrar un desafío ás ideas políticas e ás estruturas do goberno que fai moito tempo teñen deixado de servir ao ben común.” E engaden que “Seica cada sistema que o noso goberno edificara ou no que remexera está roto. A atención médica. A economía. O ensino. As nosas cortes”¹⁰. Recentemente *Common Dreams* publicou un artigo que critica a actuación, non só de BP senón tamén do presidente, como inadecuada e lenta.¹¹ En outro, afirmou que xa o 53%

8 “The Runaway General”. *Rolling Stone*, June 22, 2010. << <http://www.rollingstone.com/politics/news/17390/119236>>>

9 <<<http://www.commondreams.org>>>

10 <<<http://www.commondreams.org/why-it-matters>>>

11 Renee Schoof, “Researchers Say Obama’s Slow on Oil Spill Science, too.” July 3, 2010. << <https://www.commondreams.org/headline/2010/07/03>>>

do pobo americano cre que a guerra en Afganistán non paga a pena.

Temos visto só algunhas das fontes de información que espallan as voces disidentes, contrarias aos medios de comunicación tradicionais como CNN, FOX News e as noticias das 6 da tarde que ‘a familia tradicional’ ve cando cea. Temos visto algunhas das publicacións (artigos, libros, blogs). Poderíamos engadir algún outro nome como o do coñecido actor -e activista- negro Danny Glover, quen estivo en Detroit para o US Social Forum¹² en xuño deste ano. Nunha entrevista¹³ Glover fala do 40% de desemprego nesa cidade que fora capital da industria automobilística e advirte que representa ‘o colapso dunha idea, dun modo de vida’. Coa perda deste paradigma, pregunta o actor que se pode facer agora. O foro de Detroit foi un momento de capacitación e o entrevistado pregunta como van contar os eventos e as ideas os “corporate media”. Afirmar que o presidente non cumpriu o que tiña prometido e o que querían os que o apoiaban ao votar por el. A parte difícil é que atacar a Obama é de certa maneira atacar á xente que sofre as condicións que están moi deterioradas, di Glover, quen igual que outros alude ao feito de estaren moi afastadas nos Estados Unidos as ideas (ou ideoloxía) da práctica. Afirmar a necesidade de pensar na comunidade, de respectar (‘validate’) as historias que conta o pobo, da súa realidade (en lugar das historias das multinacionais). E tamén fala do país como imperio. Ten sido arrestado por participar nun protesto sindical e foi apoucado na Universidade de Utah cando non quixo saudar a bandeira de Estados Unidos ou non puxo a mao sobre o corazón (xesto non obrigado,

12 <<<http://www.ussf2010.org/es/Acerca>>> (páxina en castelán)

13 “A fault Lines Interview With Danny Glover”. July 1, 2010.

<<<http://english.aljazeera.net/programmes/faultlines/2010/06/20106277219669770.html>>>

por certo). Non é ningunha sorpresa, cando o autor de *Confessions of an Economic Hit Man* [Confesi3ns dun sicario econ3mico], John Perkins, foi disuadido varias veces ao longo de vinte anos, por individuos que non identifica, antes de poder rematar o seu libro revelador en 2004.¹⁴

Todos estes exemplos indican que hai un sector do pa3s que ten conciencia do que pasa coa pol3tica internacional do goberno. Nun libro moi lido en Estados Unidos como *Lies My Teacher Told Me: Everything Your High School Textbook Got Wrong* (1996) do soci3logo James Loewen, os exemplos do "disconnect" ou separaci3n entre a historia oficial e a realidade dos feitos foron moi dif3ciles de aceptar para alg3ns lectores. A3nda as3, non precisaba o autor deste libro, quizais por ser soci3logo, as verdadeiras causas ou ideolox3as das mentiras nin criticaba a pr3ctica dos mestres e profesores de continuaren a contalas. E en xeral o p3blico e as instituci3ns de ensino mante3nen o concepto do "multiculturalismo" e tolerancia que lles parece o 3nico cami3o moral, sen comprenderen que o concepto de multiculturalismo, como ben explica A. Badiou,

14 O autor est3 en contra das acci3ns destes sicarios que, nas s3as palabras, est3n a converter a rep3blica que a constituici3n promet3a "life, liberty, and the pursuit of happiness" para todos nun imperio internacional. E engade, expresando unha fe se cadra inxenua na forza da conciencia dunha poboaci3n informada da realidade desas acci3ns e como representan o pa3s no mundo: "Foi escrito este libro para que nos decatemos e refagamos a nosa historia. Estou convencido de que cando unha cantidade suficiente de n3s saibamos como nos est3 a explotar o motor econ3mico que crea un apetito devorador polos recursos do mundo, e resulta en sistemas que promoven a escravitude, xa non imos aturar esa situaci3n. Imos revalorar o noso papel nun mundo en que uns poucos nadan en riqueza e a meirande parte afogase en pobreza, contaminaci3n e violencia. Comprometer3monos a navegar cara 3 compaix3n, a democracia e a xustiza social para todos' (xvi).



3 unha estratexia comercial e pol3tica in3til e mal intencionada. De novo, podemos pensar que o problema est3 en non teren os americanos nin a experiencia nin a teor3a da pol3tica que lles fai falta para entenderen o seu lugar no mundo nin so seu propio pa3s. Alg3ns si comprenden, xa que logo, e cando xorden pancartas nos protestos como "Yes you can" stop the *Afghan War* [Si podes parar a guerra en Afganist3n], que remedan o eslogan electoral de esperanza de Obama ("Si podemos", Yes We Can!), mais ben podemos detectar unha disidencia, tenue, coa pol3tica do goberno, coas promesas non cumpridas, coa continuaci3n do imperio capitalista, todo un desastre.¹⁵ ■

15 Cf. Naomi Klein, *The Shock Doctrine. The Rise of Disaster Capitalism* (2007). Historia oficial do libre mercado, o libro critica as ideas de M. Friedman e a manipulaci3n de situaci3ns no mundo para beneficio de certos sectores.

Outro graffiti no balo co que os israelitas cercan aos palestinos. Os Estados Unidos de Am3rica mante3nen a mesma pol3tica de respaldo ao r3xime racista de Israel a pesares de ter un presidente que ten a cor da pel dos que sufriron a discriminaci3n e a opresi3n durante s3culos